

## A intervención

Teresa Moure

Un pianista retirado, unha dermatóloga, o fillo desta, estudante universitario, e mais unha das súas profesoras na facultade de Historia reúnen para constituíren un comando artístico. O seu obxectivo é levar a cabo unha *performance* un tanto particular, a medio camiño entre a creación estética e a toma de conciencia política. Instalados ao pé das montañas do Courel, este grupo de rebeldes pretende sensibilizar a cidadanía cunha intervención que enlace arte e natureza. Mentres levan a cabo o seu escrupuloso plano, a chegada inesperada dunha nova personaxe, unha psiquiatra vienesa, obrígaos a rexistrar por escrito as súas actividades clandestinas. Desde a múltipla perspectiva que emana dos seus diarios, os membros do grupo van dando as súas respectivas versións, que conforman unha historia colectiva, e que conectan a paixón creativa co pasado remoto de cadaquén, coa súa infancia e cos seus medos máis agochados. Porque a arte é unha das formas da loucura.



© Anxo Iglesias

A INTERVENCIÓN TERESA MOURE

# Teresa Moure

## A intervención



284



ISBN 978-84-9914-094-0  
1331284  
9 788499 140940

EDICIONES  
**XERAIS**  
DE GALICIA

**XERAIS**  
narrativa

Teresa Moure  
*A intervención*

# Teresa Moure

## *A intervención*

Deseño de cuberta: Miguel Vigo

1ª edición: febreiro 2010

© Teresa Moure, 2010  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2010  
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo  
xerais@xerais.es

<http://xerais.blogaliza.org>

ISBN: 978-84-9914-094-0  
Depósito legal: VG 94-2010

Impreso en Rainho & Neves Lda.  
Rúa do Souto, 8  
S. João de Ver - Feira (Portugal)

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

 XERAI  
narrativa

*A Luis.*

**OS AMORES IMPOSÍBEIS**

*De entre todos os tipos de amores imposíbeis que se poden dar no mundo, comezaremos distinguindo os máis usuais. Trátase dos amores contrarios ao establecido, que así se designan os amores que se moven ou cambian de lugar, os que se practican en posicións insólitas, ou en espazos e tempos imaxinarios. Con todo, tamén haberemos de rexeitar os amores impropios, que son estraños amores que producen cambios de estado, de humor, de opinión, de maneira de ver o mundo, de aparencia, de vestimenta ou de lingua, sendo —como é sabido— o que non se move nin cambia nunca, o que permanece nun sitio indefinidamente, o máis puro e singular de todos os amores. En terceiro lugar, rexeitaremos con convicción os amores que non atoparen onde realizarse. Utópicos son os amores á patria, ao deber cumprido, ao ben feito e ben acabado, os amores á arte e á natureza; amores todos os cales resultan declaradamente absurdos e imposíbeis.*

Do catálogo medieval *De rerum natura*, anónimo.

## 1

Aínda ben que Leandro Balseiro nunca soubo que esa obsesión súa coas flores acabaría sendo o motivo en que o seu neto se había de inspirar para cometer aquel delito que o levaría á cadea a comezos do século seguinte. Aínda ben que non o sospeitaba mentres pelexaba coa terra a legoadas, nin tampouco mentres sementaba, e que non o soubo despois, cando escaravellaba e tiraba coas malas herbas, nin durante as longas estacións das podas, os regos e os coidados. Ben estivo así e menos mal que marchou deste mundo antes de decatarse da forza das súas obsesións, que se chega a vivir tanto tempo como para saber que nos tiña deparado o futuro, igual suspiraba pola beizón de non ter nunca nacido; que hoxe toda a técnica médica procura facernos durar cando, se cadra, xa duramos de máis. Se Leandro Balseiro chega a saber o que eu, o seu neto, tramei e cheguei a facer na montaña, pareceríalle un desatino, ou unha estupidez indigna de calquera descendente que se prezase de levar o seu mesmo nome. Non é que el, o Leandro vello, amase a lei

e a orde nin que fose un home de futuro: estaba condenado a desgraciarse desde que nacera e pouco máis conseguiu na vida que nadar para se manter ao pairo sen dar feito. Mais o cárcere nunca entrou nos seus cálculos pois, por debaixo dos alardes de fanfurríneiro tan propios dos Balseiro –dos primeiros e dos que chegamos despois–, parece ser que era un tipo covarde, disposto a acatar o poder, xa fose entronizado ou por entronizar, e moi mirado á hora de actuar para se non labrar inimizadas.

Na baiuca da estación, no entanto, díxéronme que pasaba noites enteiras esbardallando contra o divino e o humano, incluído o propio Xeneral –que se lle puñan as troitas no Ulla preparadiñas para que enviasen o anzol en canto lles tiraba a cana, que se carecía de auténticas dotes de mando e mesmo de intelixencia, que se isto e se o outro–, que a atrevido non había quen lle avantaxase. Gustáballe por riba de todo rexoubar sobre o ministro de Información e Turismo, que era de Vilalba, e que, segundo el, aínda estaría mandando o día do xuízo final á hora de cear. Porén, insistíronme os que o coñeceron, como sempre tomaba o café das tres co xefe da policía local, todos interpretaban esas barafulladas súas como ladaíñas de borracho. Por veces violento, case todos os días malhumorado, unha noite si e outra non bébedo, xogador de apostas atrevidas, amante de polémicas con que demostrar a brillantez da súa oratoria, convidador da barra enteira e de cada mesa por separado, parecía posuír todos os vicios coñecidos ademais, claro é, dalgún de colleita propia que inventaría para se chantar diante do demo con algunha novidade que poder atribuírse en exclusiva. Só parecía carente de dous dos defectos que as xentes daquel

tempo asignaban no mesmo lote que todos os anteriores: Leandro Balseiro, segundo me aseguraron as distintas fontes que puiden consultar, nunca fora mullereiro nin tivera inqedanzas políticas.

Cando quixen reconstruír a historia, tantos anos despois de que todo comezase, Olga Vicedo díxome: «El non era un revolucionario, neníño; se iso é o que andas a procurar, esqueceo. O seu único mérito estaba en que sabía... facer florecer todo». O quebrar da voz de Olga, a forma sensual e evocadora en que falou avisoume de que cuestionase as verdades dos veciños, que as tiñan todos medio alteradas de tanto se mentiren na vida de cada día, pois non podía ser casual ese xeito de aludir ao que mellor sabía facer o xa finado. Mais se Leandro Balseiro e Olga Vicedo tiveran ou non unhas noites de muíño, agora que el non existía e ela estaba a tenderme a man fría dos cadáveres, era asunto que non traía conto ningún. Ademais, disque o tempo todo amansa até o punto de converter as paixóns máis fogosas en puro fume de lembranza e daquela eu xa lera que os galegos somos xentes dadas á melancolía, que cultivamos un romanticismo decadente e impropio dos tempos que corren, polo que a frase de Olga Vicedo podía responder a unha paixón que só se cocera na súa cabeza. En fin, se Leandro Balseiro e Olga Vicedo se amaran algunha vez, mellor para eles, porque agora todo o seu futuro se fora ao garete. Iso tanto me tiña. Porque, ademais, se non fose así, se algo me importase o enredo, en pura lóxica non contradiría a condición de austero en materia erótica de Leandro Balseiro a posibilidade de ter en toda a vida unha soa relación distinta á que mantivo coa miña avoa. O que me tiña conta era

o asunto das flores. Porque con esta información abríuseme a porta para entender as chaves ocultas, os agochos, o non visto: a paixón desbocada do meu avó Leandro polas flores explicaba moito do pasado e permitía intervir no futuro e, como veremos, a palabra *intervir* cobra singular importancia nesta historia.

Se cadra foi a mesma noite de falar con Olga, unha noite de entresóns e longas vixilias, cando todo comezou a roldar na miña cabeza. Á miña nai, Clara Balseiro, non lle dei arrincado á mañá seguinte moito máis que unha descrición evasiva do lugar dos feitos, que tanto podería proceder de auténticas lembranzas como dunha foto que conservaba a súa tía avoa materna, Edelmira Millán, pendurada na sala e que acabou pasando ás súas mans non sei como. Correspondía coa gran nevarada que caera no setenta, e mostraba varias criaturas paseando o seu gozo a brincos por un xardín inusitadamente branco. Debía de ser unha leira valada de bo tamaño, uns cinco mil metros pouco máis ou menos na lembranza esvaradía de Clara, que aparece na foto con cara de bebé e un gorro con pompón e que, a pesar de só vivir alí os primeiros anos da súa vida, teima en asegurar que lembra todo como se fose onte. Na foto poden verse as dependencias levantadas ao pé mesmo da casa; un patio rodeado de tea de arame, con pías de pedra desas de abeberaren as galiñas usadas aquí como testos para flores e un caseto máis, talvez un cortello en desuso, non se ve claro, á parte dun pombal de dimensións desmesuradas, un efecto que pasa inadvertido a primeira vista e que, como veremos, non foi tampouco secundario no devir dos acontecementos. A foto está tomada contra a casa, de xeito que non permite obser-

var a perspectiva, e quen a mira, ou sexa eu, fica ignorante do tamaño e a condición do xardín dos meus devanceiros. Porén, aquí todas as declaracións coinciden: ao abrir unha cancela de madeira, accedíase talmente ao paraíso. «Non podes imaxinar cantas eran, cantísimas flores, de todas as cores, de todos os tamaños!», aseguroume Pamela Balseiro, a irmá pequena do meu avó. «Nunca se vira algo semellante, mais Leandro non permitía visitas e iso disparou a curiosidade da xente, que non imaxinas como son todos por aquí.»

Neste punto comezan as contradicións porque, digo eu, se Leandro Balseiro era tan sociábel como para correr cos gastos de todos os que coincidían con el na cantina, é estraño que se mostrase tan ríxido á hora de permitir as visitas da veciñanza, especialmente se só se trataba de contemplar, e con toda probabilidade admirar, un horto que mantiña con tanto esmero. Mais non foi doado atopar fenda por onde furar: «Só a familia máis achegada pasaba... e iso porque a el non lle quedaba máis remedio que deixarnos entrar», deixoume caer a miña nai como xogando ao despiste comigo. «Lembro que nunha ocasión a tía Pamela trouxo un pretendente á casa e o pobre estivo horas agardando na porta da entrada, a que daba á rúa, porque o meu pai non deixaba que ninguén pasase nin a saudar sequera.» Segundo parece, os veciños, desexosos de poñer cando menos un pé en sitio tan cobizado, idearon un plan; mirarían desde onde non puidesen ser expulsados. Quizais o tal plan foi máis espontáneo do que as memorias gardan e simplemente consistiu en que os veciños se presentasen a deshora nas casas das inmediacións daquel verxel. «Aparecían coa desculpa máis cativa, case sempre despois de comer para me atoparen na casa»,

lembrou algo morriñenta Maruxa da Pobra de Brollón, que vivía pegada á casa de Leandro Balseiro e que, segundo as linguas maledicentes, cobraba a entrada e chegou a tirarlle tanto rendemento ao observatorio que puxo xanelas novas e pintou a fachada antes esgazada, todo a conta do improvisado negocio. Ao outro lado, tanto os Caneiros, que sempre foron boa xente, como Moncha Latas, quen tiña a peor vista desas tres casas próximas, permitían o paso libre. «Daquela non se facían visitas, non era o costume, non sei como dicirche... Se non había enfermos ou cousa semellante, nunca pasabamos da porta. As casas non estaban postas para ver, como as tedes agora», contoume Maruxa da Pobra antes de botarme destemperadamente por amentar o ruxerruxe de se non habería quen cobrase a cambio de deixar guichar un pouco. En calquera caso, todas coincidían en que non viran nunca nada igual e, tantos anos máis tarde, dou fe de que aínda mo contaban cos ollos ardentes, de xeito que, mesmo os que pola súa idade non poden lembralo, seguro que asumen como incontestábel que naquela casa estiveran plantados os xardíns suspensos da antiga Babilonia.

Carmiña de Vilaboa veu onda min cando soubo que andaba a procurar información daqueles tempos para explicarme que daquela tiña un balcón orientado a sueste no terreo onde hoxe está a Caixa de Aforros. Desde alí, só podía verse a leira asomando medio corpo pola varanda mais esa posición arrecunchada non lle impedira congregarse no balcón grupos numerosos de visitantes que se apoiaban esaxeradamente na balaustrada, co corpo inclinado e a man posta sobre os ollos para evitar o sol, a risco de se precipitaren desde un segundo andar. A boa muller escachaba coa

risa mentres me refería a anécdota, sobre todo cando, entre saloucos e bágoas, lle veu á memoria o desconcerto que se montaba no balcón cada vez que o xardineiro, alertado polo ruído dos miróns, levantaba a cabeza e os contemplaba, xusto cando estaban na postura menos digna, co corpo completamente deitado cara a adiante, axexando como investigadores colocados ao microscopio. Leandro Balseiro respondía a tanta expectación cun silencio cortante ou apenas rosmando un «miramonas do carallo» que motivaba no balcón a mesma desaprobación que produciría se tal exclamase o tenor despois do primeiro acto no palacio da ópera. Mais non puideron deixar de sorprendeme cando, en medio de tantas evocacións e risas, Carmiña se gabou da súa sorte por ter albiscado aquel espectáculo que xa ninguén máis vería. Á fin da nosa entrevista, espetoume: «Sabes? O teu avó era autoritario, inxusto, bebedor, bardallas, malencarado e con dificultades para que un traballo lle durase algo máis dunha estación, mais, non sei por que, tiña unha facilidade natural para as flores, como se alí se lle condensase toda a tenrura que aforraba cos seres humanos».

Xoán, o *Formiga*, que foi xardineiro do Concello, a quen acudín en busca de datos máis obxectivos, contoume que nas feiras Leandro Balseiro só se interesaba polas plantas exóticas. Como estes exemplares resultaban descoñecidos para todos, adoitaban producir receos —«iso aquí non prende», «eu non che sei que é iso»...— até que el se impuña aos comerciantes: «Cando volvas, se queres que che eu merque algo desa merda toda que levas, hasme traer tamén rosas púrpuras, dipladenias escaladoras e uns gladiolos con pintas moradas. Agarda que cho anoto nun papel. Non o

esquezas». Do que dixeron os uns e os outros deducín que os seus coñecementos foron tantos como para obter na súa casa híbridos aínda ignorados pola botánica. Acredito nas palabras dos que viviron canda el ao me falaren de tulipáns listados en laranxa, fucsia ou carmín, con matices salmón ou pencas en ocre. Creo con firmeza que os hibiscos, decote fermosos mais inodoros, ulisen alí a xasmín e a madreseiva. Creo, por que non?, que tivese unha horta sen unha calva, poboada de canta especie floribunda puidese existir. Non dubidei cando me aseguraron que non deixaba nin un recuncho para poñer unhas leitugas, uns repolos ou uns tomates, que o seu era unha dedicación rotunda ás flores. Acepto que debeu de ser un tipo sorprendente, disposto a pasar fame se viñan mal dadas antes de dedicar a súa terra a cultivos comestíbeis. Polo demais, dou por certo que falase cos xeranos e consagrarse toda a súa atención a facer camas quentes para que as xeadas non acabasen coas camelias, as rosas Lagerfeld ou os caraveis. Non cuestiono datas cando me din que nesa casa botaban a sesta antes de comer porque a partir do mediodía ninguén podía aturar alí o intenso aroma das lilas, as glicinias e os osmantos en flor. Acepto que Leandro Balseiro, o Leandro odiado e temíbel, plantase lirios, narcisos, semprevivas e anémonas dunha delicada cor violeta en medio da súa leira, que polos muros daquela casa que nunca pisei gabeasen pasifloras moradas e vermellas, e mais unhas ipomeas dun raro azul celeste, e que enseñorasen os recunchos as estrelicias, uns matos de flor alaranxada, dos que nunca ouvira falar antes da intervención mais que, como souben despois, gardan a forma de enormes aves do paraíso. Cando comezo a dubidar é cando me din que o berce da súa filla foi un mato de hortensias, que non houbo

nada naquela casa que non acabase comesto das flores, que un aroma tan doce pairaba no ambiente que chegou a impregnalo todo, que os paxaros e as bolboretas invadiron o xardín, que el deixou de saír, que se extasiaba mirando para os estames pegañentos dos iris, que a pequena Clara, de nena, se alimentara só de chuchar os pétalos azucrados dos amarilis de Ceilán, que aquel xardín tropical deu inicio ao cambio climático que padecemos, que as estacións deixaron de notarse porque aquela enorme extensión de plantas apenas adaptadas a estes rigores exhalaban gases solermeiros que elevaron os termómetros por riba das temperaturas do ventre dunha central nuclear, que o derradeiro verán os ventos deixaron de soprar e cada noite se desataba unha treboada de corisco. Dubido cando me din que ese xardín botánico foi a orixe de todas as desgrazas que viñeron despois, que quen entraba alí ficaba cativo desa paixón vexetal, que o aroma era tan embriagador que non permitía concentrarse en actividade ningunha, que mesmo sor Aurora, a irmá do pretendente de Pamela Balseiro, que se achegou un día para amañar o matrimonio, unha vez conducida á horta comezou a sentir unha sensación de quentura e unha humidade tan pesada que decidiu aliviar tirando a touca... e logo os zapatos, e as medias, e o mandil, e o hábito e acabou por saír en coiro e dando alaridos con tantas ganas de pecar que non lle deron pasado na vida enteira.

Decididamente, teño que poñer orde na memoria colectiva, teño que convencelos de que non puido ser certo o que contan. Disque nos últimos meses da vida do meu avó tiveron lugar sucesos sorprendentes. Nunha ocasión, segundo Olga Vicedo, pasou diante da casa Amelia, a de

Faxilde, de quen se sospeitaban amores adúlteros, e os alelís amarelos floreceron de súpeto e fóra de estación, o que foi interpretado como evidencia da súa infidelidade e así, pouco a pouco, as flores dispuxeron o goberno de todas as cousas. As violetas pechábanse de golpe cando facía rolda a parella da garda civil e as dúas flores sempre contrapostas do hippeastrum retorcíanse nunha viraxe imposíbel até se miraren con tal de sinalar o paso do cura don Simón, que disque coqueteara coa Falanxe. E eu non sei se podou ou non acreditar en todo isto ou se me contaron esta historia de paraísos perdidos para riren de min ou para se consolaren todos do que veu despois. O que xa non tolero é que me digan –e é mamá quen o asegura– que o vello non morreu cando ardeu a casa, que o mato de axérato violáceo que fica alí ben repoludo representa a súa eterna xuventude.